

## 1.IDENTIFICACIÓN

**TÍTULO DA TAREFA**

*Curto-circuíto*

|               |                             |                      |                                                                                                 |
|---------------|-----------------------------|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>ETAPA</b>  | <b>EDUCACIÓN SECUNDARIA</b> | <b>NIVEL</b>         | <b>3º ESO</b>                                                                                   |
| <b>ÁREA/S</b> | LINGUA GALEGA E LITERATURA  | <b>PROFESORAS/ES</b> | Begoña Abad Navas<br>Mar García Mourelo<br>Carmen Rodríguez Paleo<br>Montserrat García Sanjurjo |

### DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

A tarefa consistirá en deseñar un proxecto de viaxe a Santiago de Compostela para ver unha película e completar a visita cunha actividade cultural.

A idea nace a partir dunha conversa de aula onde o profesorado observa o descoñecemento por parte do alumnado do cine independente, razón pola que se decide programar unha tarefa que procure unha solución a esta situación e proporcione novas experiencias aos alumnos e alumnas.

### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Por unha banda, trátase de fomentar no alumnado a capacidade de organización. Por outra banda, procúrase coa tarefa que alumnos e alumnas sexan conscientes das limitacións que existen nesta zona tanto en transporte público, que nos comunique co resto da xeografía galega, como no relativo á oferta cultural. Por último, preténdese que coñezan a existencia doutro tipo de cinematografía, fóra do circuíto comercial.

### CONTEXTO:

Esta UDI desenvolverase no contexto educativo de aula e o produto final servirá para presentar tanto á Dirección do Centro como ás familias, dentro da autorización da actividade.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

| ACTIVIDADES                                                                                                        | ESTÁNDAR 1                                                                                                                                      | ESTÁNDAR 2                                                                                                                                                                                                          | ESTÁNDAR 3                                                                                                                                                        | ESTÁNDAR 4                                                                                                               | ESTÁNDAR 5                                                              | ESTÁNDAR 6                                                                                                                                                                | ESTÁNDAR 7                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1.</b> Procura e escolla dunha película na carteleira de Santiago de Compostela para ver nunha visita á cidade. | LGB 2.6.1 Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. | LGB 2.11.1 Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. | LGB 2.12.3 Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. | LGB 1.9.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo. | LGB 1.9.4 Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. | LGB 1.7.1 Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. | LGB 1.8.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. |
| <b>2.</b> Procura e escolla do transporte para realizar unha viaxe a Santiago de Compostela.                       | LGB 2.6.1 Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. | LGB 2.11.1 Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e                               | LGB 2.12.3 Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. | LGB 1.9.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo. | LGB 1.9.4 Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. | LGB 1.7.1 Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. | LGB 1.8.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. |

|                                                                                                      |                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                   |                                                                                                                          |                                                                         |                                                                                                                                                                           |                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                      |                                                                                                                                                 | outras fontes de información.                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                   |                                                                                                                          |                                                                         |                                                                                                                                                                           |                                                                                                 |
| <b>3.</b> Procura e escolla dunha actividade cultural para realizar durante unha viaxe a Compostela. | LGB 2.6.1 Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. | LGB 2.11.1 Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. | LGB 2.12.3 Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. | LGB 1.9.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo. | LGB 1.9.4 Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. | LGB 1.7.1 Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. | LGB 1.8.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. |

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR (2)

| CONTIDOS                                                                                                                   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN                                                                                                                                              | ESTÁNDARES/COMPETENCIAS                                                                                                                                         | ACTIVIDADES |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| B2.6 Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información. | B2.6 Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información. | LGB 2.6.1 Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.<br>CCL, CAA, CD | (1, 2, 3)   |

|                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                |           |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| B2.11 Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. | B2.11 Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares. | LGB 2.11.1 Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.<br>CCL, CD | (1, 2, 3) |
| B2.12 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.                | B2.12 Planificar, producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.         | LGB 2.12.3 Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.<br>CCL, CAA, CD                                              | (1, 2, 3) |
| B1.9 Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.          | B1.9 Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.                            | LGB 1.9.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.<br>CSC, CSIEE                                                                                         | (1, 2, 3) |
| B1.9 Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.          | B1.9 Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.                            | LGB 1.9.4 Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.<br>CCL                                                                                                                                                 | (1, 2, 3) |

|                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                       |           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| B1.7 Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.                               | B1.7 Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | LGB 1.7.1 Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.<br>CCL, CSC | (1, 2, 3) |
| B1.8 Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. | B1.8 Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.       | LGB 1.8.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.<br>CAA                                                                                | (1, 2, 3) |

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

| ACTIVIDADES                                                                                                        | EXERCICIO 1                                                                                                                                                                                                                         | EXERCICIO 2                                                                                 | EXERCICIO 3                                                                                                                                | EXERCICIO 4                                                                                         | EXERCICIO 5                                                                                                                                                                                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1.</b> Procura e escolla dunha película na carteleira de Santiago de Compostela para ver nunha visita á cidade. | Consulta distintas fontes de información (prensa escrita, dixital, páxinas de oferta cultural de Santiago) e elabora unha listaxe de posibles películas que se proxecten na terceira semana de abril nas distintas salas da cidade. | Selecciona un máximo de tres películas que se poidan adaptar á túa idade e posible horario. | Busca información sobre o argumento/trama das películas seleccionadas e elabora un breve resumo para presentárllelas aos teus compañeiros. | Expón oralmente a información obtida sobre as películas para decidirvos entre todos por unha delas. | Unha vez tomada a decisión, o grupo plasmará a súa parte do guión nun documento Word que enviará ao correo electrónico do/a profesor/a dentro do prazo establecido e no que fará constar as fontes de información utilizadas. |

|                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                    |                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>2.</b> Procura e escollo do transporte para realizar unha viaxe a Santiago de Compostela.</p>         | <p>Consulta distintas fontes de información (prensa escrita, dixital, páxinas de empresas de autobuses e de tren) e elabora unha listaxe de posibles medios para facer a viaxe de ida e volta no día a Santiago, na terceira semana de abril, indicando o nome da empresa, horario, prezo e posibles descontos.</p> | <p>Selecciona as opcións máis axustadas en prezo e cun horario máis axeitado.</p>                  | <p>Busca información sobre posibilidades de transporte en empresas privadas, compara os datos co transporte público e elabora un resumo para presentar aos compañeiros e compañeiras.</p> | <p>Expón oralmente aos compañeiros a información obtida sobre o transporte para decidir entre todos a opción máis axeitada.</p>        | <p>Unha vez tomada a decisión, o grupo plasmará a súa parte do guión nun documento Word que enviará ao correo electrónico do/a profesor/a dentro do prazo establecido e no que fará constar as fontes de información utilizadas.</p> |
| <p><b>3.</b> Procura e escollo dunha actividade cultural para realizar durante unha viaxe a Compostela.</p> | <p>Consulta distintas fontes de información (prensa escrita, dixital, páxinas de oferta cultural de Compostela) e elabora unha listaxe de actividades culturais que poida ser factible realizar o día da viaxe, na terceira semana de abril.</p>                                                                    | <p>Selecciona un máximo de tres actividades culturais adaptadas á túa idade e posible horario.</p> | <p>Busca información sobre as actividades que seleccionaches e elabora un breve resumo do seu contido para presentar aos teus compañeiros e compañeiras.</p>                              | <p>Expón oralmente a información obtida sobre as actividades culturais para decidirdes entre todos e todas a opción máis axeitada.</p> | <p>Unha vez tomada a decisión, o grupo plasmará a súa parte do guión nun documento Word que enviará ao correo electrónico do/a profesor/a dentro do prazo establecido e no que fará constar as fontes de información utilizadas.</p> |

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

| ACTIVIDADES                                                                                                 | MODELO DE PENSAMIENTO                                | MODELO ENSINANZA                                                                 | ESCENARIO                                                      | AGRUPAMENTO                                              | RECUSOS DIDÁCTICOS                                                                                                                                              | TEMP.              |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 1. Procura e escolla dunha película na carteleira de Santiago de Compostela para ver nunha visita á cidade. | Fundamentalmente analítico, deliberativo e práctico. | TODOS, pero principalmente condutual, social-cooperativo e cognitivo-construtivo | Biblioteca, aula de informática e aula de referencia do grupo. | Pequeno grupo.<br><br>Gran grupo (só para o exercicio 4) | Prensa escrita.<br><br>Acceso a internet.<br><br>Ordenadores.<br><br>Material escolar básico (cadernos, bolígrafos...)<br><br>Mapas (rueiros).                  | 4 sesións lectivas |
| 2. Procura e escolla do transporte para realizar unha viaxe a Santiago de Compostela.                       | Fundamentalmente analítico, deliberativo e práctico. | TODOS, pero principalmente condutual, social-cooperativo e cognitivo-construtivo | Biblioteca, aula de informática e aula de referencia do grupo. | Pequeno grupo.<br><br>Gran grupo (só para o exercicio 4) | Prensa escrita.<br><br>Acceso a internet.<br><br>Ordenadores.<br><br>Material escolar básico (cadernos, bolígrafos...)<br><br>Mapas (rueiros).<br><br>Teléfono. | 4 sesións lectivas |

|                                                                                              |                                                      |                                                                                  |                                                                |                                                          |                                                                                                                                                |                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 3. Procura e esolla dunha actividade cultural para realizar durante unha viaxe a Compostela. | Fundamentalmente analítico, deliberativo e práctico. | TODOS, pero principalmente condutual, social-cooperativo e cognitivo-construtivo | Biblioteca, aula de informática e aula de referencia do grupo. | Pequeno grupo.<br><br>Gran grupo (só para o exercicio 4) | Prensa escrita.<br><br>Acceso a internet.<br><br>Ordenadores.<br><br>Material escolar básico (cadernos, bolígrafos...)<br><br>Mapas (rueiros). | 4 sesións lectivas |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|